

Luces

GALICIA

A palabra está de volta

A Asociación de Escritores organiza encontros sobre literatura oral

TERESA CUIÑAS

A comezos dos 90, algúns locais da cidade vella de Compostela comezaron a convidar contadores de historias nas súas programacións de ocio nocturno. A iniciativa, que axiña acadou o favor do público e que se estendeu por todo o país, trasladaba ao vivo o formato da *stand-up comedy* que, en paralelo, tamén se puxera de moda nas televisións. En moitos casos, os espectadores están diante de dramaturgos e de actores que a pequena pantalla e o cinema convertiron en rostros familiares: Quico Cadaval, Cándido Pazó ou Avelino González. Entre os máis solicitados está Carlos Blanco, actualmente de xira con *Só*, un espectáculo de monólogos que, ata finais de ano, visitará Sanxenxo (28 de novembro), Ortigueira, Arteixo, Muros e Santiago.

A fórmula non é outra que unha adaptación dun costume vello como o mundo: o de xuntárense familias e veciños para botar contos, relatar historias e entoar cánticos ao fio dos labores cotiáns ou ao abrigo do lume nas invernías. Non só un pasa-

tempo anterior ao cinema, a radio e a televisión, senón un método natural de instrución e de transmisión dos valores da comunidade, nomeadamente cando os libros eran un ben de luxo e poucos eran quen de descifralos. Esta usanza posúe froitos abondosos, o patrimonio oral inmaterial. Na recuperación, conservación e continuidade deste *corpus* levan máis de 15 anos traballando diversos colectivos.

Moitos dos avós cantareiros que últimamente aparecen no *Luar* e no *Alalá* son os que coñecen ese material. Amais dos labores de peneira propios, estes programas da TVG teñen botado man de moitos dos descubrimentos fornecidos polas *polafías*, un neoloxismo que designa as veladas de carácter festivo e con contidos literarios e musicais, co obxectivo de rescatar do esquecemento o patrimonio oral, literario e musical. Mesturando o xeito das polavilas, fiadas e serán de antigo, as *polafías* son eventos coordinados pola sección de literatura oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ao coidado do escritor e investigador Antonio Reigo-



Imaxe dunha *polafía* en Figueirido, a finais de outubro.

Nos actos participan cantantes, músicos e romanceadores da contorna

sa. A ubicación é fundamental para o éxito do encontro, protagonizado por romanceadores, cantantes, músicos, narradores e recitadores da contorna.

As primeiras *polafías* aconteceron en 2007. Houbo que agar-

dar case un ano pola nova xeira, que principiou a finais de outubro na parroquia de Figueirido (Vilaboa) e xa hai outras dúas en preparación: Neda (mañá sábado, 19.00 horas, Casa da Cultura) e en Cabreiros, Xermade. "Só hai unha diferenza fundamental: agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso da Internet, que poden contrbuír a unha ampla difusión des-

te patrimonio", apunta Reigosa. Tamén agroman sucedidos maravilhosos, misteriosos e divinos que conseguen fixar toponimias en desuso. A improvisación é outra das virtudes da xuntanza. En Figueirido, a paixón dos propios participantes calou nun debate solidamente argumentado a propósito da existencia da bruxería. O sector que negaba a vixencia dos feitizos, defendido en solitario por un veciño, foi abrumado polo outro con probas irrefutábeis da natureza verdadeira do meigallo.